

PLAN DIXITAL



CPI Ponte Carreira

Xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- CPI Ponte Carreira Rúa do ensino s/n Frades (A Coruña)
- Correo: cpi.ponte.carreira@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpipontecarreira>
- O centro conta con catorce profesores do corpo de mestres, un deles a tempo parcial por ser compartido, e outro adscrito ao 1º ciclo de ESO; trece do corpo de secundaria (incluída a orientadora) e dous profesores de relixión que tamén comparten centro e non forman parte deste claustro.
- Etapas educativas: O centro posúe unha liña de cada nivel educativo, que abrangue Ed. Infantil, Ed. Primaria e E.S.O. (1º-4º curso), cun total de 148 alumnos distribuídos da seguinte maneira:

GRUPO	N.º DE ALUMNOS
4º / 5º	8+9
6º	17

GRUPO	Nº ALUMNOS
1º	15
2º	15
3º	12
4º	13
5º	15
6º	10

GRUPO	N.º DE ALUMNOS
1º	5
2º	14
3º	10
4º	5

○ Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Análise da contorna: o medio/as familias:

- Ubicación xeográfica: medio rural no concello de Frades, cunha poboación estimada segundo o INE de 2339 habitantes a 1 de xaneiro de 2019, o CPI está situado na parroquia de Gafoi (275 habitantes).
- Tipo de construción: predomina a vivenda unifamiliar, con alpendres de labranza nas inmediacións. A calidade das construcións mellorou nos últimos tempos. Podemos afirmar que, aínda que algunha vivenda precisa mellorar as súas condicións de habitabilidade, a maioría son casas coidadas e cun confort acorde cos tempos: calefacción, teléfono, ordenador, internet, etc.
- Ámbito socioeconómico: Predominan as familias tradicionais nas que conviven varias xeracións con maioría de avós pensionistas. En canto á situación laboral dos membros da unidade familiar, obsérvase un incremento de mulleres con traballo remunerado fóra da casa pero quedando aínda bastante por detrás con respecto ao do home. É importante salientar a redución da oferta de emprego feminino no sector téxtil que se leva experimentando desde fai anos.
- Neste momento hai un maior equilibrio entre o traballo por conta propia e o traballo por conta allea, debido, fundamentalmente, á desaparición das pequenas explotacións gandeiras por falta de rendibilidade, pasando máis persoas a traballar para empresas do mesmo ou doutros sectores.
- Segue a manterse a pequena horta familiar e a cría de pequenos animais para autoconsumo.
- Infraestrutura de servizos: Hai un parque en Ponte Carreira, pavillón municipal, centro médico, organizacións culturais nalgunhas parroquias como Gafoi, Moar e Galegos, piscina municipal (ao non ser cuberta só ten utilidade co bo tempo) e un edificio de servizos múltiples.

Características do alumnado:

- Case a totalidade do noso alumnado ten como lingua materna o galego, sendo esta a lingua que utiliza habitualmente, sobre todo no rexistro informal. Obsérvase, en cambio, pouca fluidez nos rexistros formais á hora de utilizar esta lingua.
- Analizando os datos do nivel de estudos dos pais-nais do alumnado obsérvase claramente que a maioría só cursou estudos básicos ou primarios. Porén a tendencia está cambiando; de feito, os pais-nais do alumnado de infantil acadaron estudos non

obligatorios (bacharelato, FP e incluso estudos universitarios) nunha maioría salientable.

- No referente á análise das ocupacións que desenvolve o alumnado na súa vida cotiá no ámbito extraescolar, podemos salientar que:
 - Aínda que nos atopamos nun ámbito/contorna rural, o acceso ás novas tecnoloxías está totalmente normalizado xa que empregan gran parte do seu tempo en ocupacións relacionadas coas TICs, por exemplo, navegar por internet, videoxogos, ver a televisión ou utilizar redes de mensaxe instantánea.
 - Hai unha gran tendencia cara á práctica de actividade física, sobre todo fóra do ámbito competitivo. Mais cando nos referimos á práctica deportiva con adestrador, encamiñada á competición, o porcentaxe masculino é moi superior ao feminino.
 - A pesar de que case hai igualdade entre sexos en canto á colaboración en tarefas domésticas, percibimos que se segue a asumir o rol tradicional da muller xa que os alumnos escollen a realización de traballos remunerados mentres que as mulleres priman a súa participación en traballos de voluntariado ou sociais.
 - Nos últimos cursos incrementouse a oferta de actividades organizadas pola ANPA e o concello cunha resposta de participación satisfactoria por parte do alumnado.
 - Así mesmo, estes últimos anos o concello organizou escolas de verán, cunha acollida bastante boa, considerando o dispersa que está a poboación neste concello.
 - O centro participa en diversos proxectos, e entre eles os que destacan pola súa integración co Plan dixital, son: Implantación da plataforma EVA-EDIXGAL dende hai dous cursos e na que toman parte dende 5º de Ed. Primaria ata 4º de ESO e o TIL (Tratamento Integral das Linguas). Hai anos tamén se dispoñía unha sesión de TIC para cada nivel de primaria, que foi suprimida pola propia inspección educativa, e na que se traballaban Polos creativos, coma a robótica (que xa non se dá por falta de tempo no horario).
 - O Plan dixital formará parte da Programación Xeral do vindeiro curso 22/23 e axudará á súa modelación e posta en funcionamento. Xa en PPXX anteriores a integración das TIC aparece como un dos obxectivos propostos.

1.2. Xustificación do PD

O Plan dixital do noso centro elabórase e implementarase en función da seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o

desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.3. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do PD encargouse o longo deste curso de titorizar e elaborar o Plan dixital de Centro. Porén asesorou ao resto do profesorado para a elaboración dos diferentes cuestionarios e documentos que se precisaron. Dito equipo confórmase da seguinte maneira:

COORDINADOR/COORDINADORA Equipo Dinamización Plan Dixital	COORDINADOR/COORDINADORA PFPP Plan Dixital
Nome: Francisco M. López Fernández	Nome: Francisco M. López Fernández
Membros do Equipo Dinamización Plan Dixital *	Membros PFPP Plan Dixital *
Patricia Taboada García	Patricia Taboada García
David Gianzo Busto	David Gianzo Busto
Dina Asensio Campazas	Dina Asensio Campazas
Teba Argiz Romaní	Teba Argiz Romaní
Diana María Sánchez Sánchez	Diana María Sánchez Sánchez

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O CPI Ponte Carreira conta dende hai un ano con conexión de 1 gb de fibra óptica e varios puntos PA que dan conectividade WIFI a ámbolos dous edificios que compoñen o centro.
- Varias aulas dixitalizadas con PDI (7 aulas fóra de EDIXGAL), 6 aulas equipadas para o proxecto E-Dixgal, equipos de xestión e administración en ámbalas secretarías das que dispón o centro, computadoras de xestión de biblioteca e algún equipo (varios obsoletos) de consulta nas mesmas,, equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos, 4 equipos ultraportátiles para aula móbil, 2 aulas de informática (algo obsoletas tamén).
- O centro dispón tamén dunha páxina web, aula virtual e acceso a E-Dixgal. Este curso priorizouse o uso de Abalar para notificacións e demais, pero consideramos

que a aplicación ten moitas deficiencias que se deben subsanar debido á súa importancia e utilidade.

- A xestión do mantemento do equipamento do centro lévaa a cabo unha empresa privada de Ordes, excepto certas cousas que fai a UAC e o servizo EDIXGAL Premium (este último funciona moi ben pero ao restante non se lle dá a importancia que se debera).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	4,3	3,3
	Profesorado	4	3,6
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4,7	3,7
	Profesorado	3,3	3
	Alumnado	3,4	3,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,9	4,3
	Profesorado	3,6	4,1
	Alumnado	4	4,5
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5	4,1
	Profesorado	4,4	3,9
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,5	4,1
	Profesorado	4,4	3,9
	Alumnado		4,1
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8	3,1
	Profesorado	3,8	3,2
	Alumnado	3,3	3,8
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3	2,5
	Profesorado	3,1	2,9
	Alumnado		3,3
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4	3,1
	Profesorado	3,3	3,1
	Alumnado	3,7	4

RESULTADOS DO TEST CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	26	26	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO			
SUBSTITUTO	1	3	33,3%
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	80,4	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
Prim.	69,7	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)
ESO	63,8	Explorador/a (A2)	79,7	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	3,6%
A2	14	50%
B1	10	35,7%
B2	3	10,7%
C1	0	
C2	0	
TOTAL	28	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	- Boa conexión a internet: velocidade e puntos AP en todo o centro.	
	PERSOAL DOCENTE	- Boa comunicación coa comunidade educativa. - Empréganse habitualmente entornos virtuais de aprendizaxe (aulas virtuais, etc.) - Recursos dixitais adaptados ás necesidades do alumnado. - O centro fomenta o uso de software libre.	- Créanse poucos recursos dixitais. - Pouca colaboración nos recursos. - Baixa implicación do alumnado.
	PERSOAL NON		

DOCENTE		
ALUMNADO		-Baixa competencia dixital do alumnado.
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO		- Estratexia dixital non definida. - O centro non emprega prácticas de avaliación. dixital das habilidades do alumnado.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)							
OBXECTIVO 1:	Mellorar a competencia dixital do profesorado (D2)					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de participación en cursos de formación vencellados coas TIC						
Valor de partida:	0% de participación en curso de formación						
Valor previsto e data:	35% de participación de profesorado				Final do 3º trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO1.1: Detección de carencias relativas á competencia dixital e necesidades formativas a través da realización dunha enquisa	Coordinador TIC	1º trimestre	Ordenador		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Organización dunha liña de formación dentro do PFPP ou tamén a nivel individual	Profesorado	1º trimestre	Ordenador con conexión a internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Implementación na aula dos novos coñecementos adquiridos na formación que enriquezan o proceso de ensino	Profesorado	Final do 3º trimestre	Equipamento necesario en cada caso		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Pedagogía: apoios e recursos (E)							
OBXECTIVO 2:	Promover o uso da Aula Virtual corporativa co alumnado (E3)					Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo e docentes					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades levadas a cabo co alumnado na AV corporativa polo 30% do claustro.						
Valor de partida:	0 actividades realizadas co alumnado na AV corporativa por docente.						
Valor previsto e data:	15 actividades realizadas co alumnado na AV corporativa por docente.				Final do 3º trimestre.		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1: Reunión inicial co claustro para explicar que ao longo do curso se vai fomentar o uso da Aula Virtual	Equipo Directivo e Claustro	30/09/2022	Sala de profesores		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Subida e corrección de actividades aos cursos correspondentes da AV corporativa	Profesorado	Final do 3º trimestre	Ordenador con conexión a internet		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Competencias Dixitais (H)							
OBXECTIVO 3:	Fomentar un comportamento seguro e responsable do alumnado (H1, H3)					Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades realizadas sobre a concienciación acerca do uso das novas tecnoloxías.						
Valor de partida:	0 actividades realizadas						
Valor previsto e data:	2 actividades formativas realizadas				21/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO3.1: Busca e solicitude de actividades (charlas, talleres, obradoiros...) para concienciar ao colectivo indicado.	Equipo directivo e equipo TIC	1º trimestre	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Realización de actividades complementarias por parte de persoas externas ao centro e formadas na temática.	Equipo directivo	1º trimestre	Recursos que consideren as persoas que imparten a formación		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos (C)							
OBXECTIVO 4:	Actualizar parte dos equipos máis obsoletos do centro (C1 e C8)					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinación TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de equipos renovados						
Valor de partida:	0 equipos renovados						
Valor previsto e data:	5 equipos renovados				21/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: Elaboración dun inventario dos equipos máis obsoletos ou que teñen un peor funcionamento.	Coordinación TIC	30/10/2022	Ordenador		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Solicitud de presuposto en función dos equipos que se prevén cambiar.	Equipo directivo e coordinación TIC	30/10/2022	Ordenador con conexión a internet e teléfono		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Actualización dos equipos que máis urxen.	Equipo directivo	21/6/2023	Presuposto do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- *Algunhas aulas, tanto do edificio de Infantil-Primaria como de ESO están equipadas con PDI. Unhas son de Abalar-Edixgal (dende 5º de Primaria ata 4º ESO) e outras cinco máis son: 3 de ed. infantil, unha da aula de inglés e outras 2 ámbalas dúas aulas de informática. As restantes aulas de Primaria e outras aulas de usos diversos (Salón de actos, salas de profesores e algunha máis) carecen de PDI.*
- *Porén varios canóns son de instalación de teito e producen sombras ao traballar, ademais de que algúns deles están obsoletos.*
- *Diversos equipos de aula-aula de informática e biblioteca tamén están obsoletos.*
- *Precísase pantalla e proxector para a sala de profesores de primaria, así como para o Salón de actos (no que se desenvolven moitas actividades onde ese material é necesario).*
- *Precísase actualizar as tomas de video de case todas as aulas, para incorporar o HDMI nas mesmas.*

4. Avaliación do plan

O seguimento e avaliación do Plan dixital consistirá en recoller información por medio de rúbricas e cuestionarios que se pasarán ao conxunto do profesorado, o cal indicará que porcentaxe dos obxectivos propostos neste plan se ven cumpridos, e cale non. Tamén indicarán se hai novos obxectivos para un vindeiro curso. Dita seguimento levará a cabo o Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital publicitarase a toda a comunidade educativa na páxina web do centro, así coma nos diferentes documentos que se elaboren (PXA, etc.).